



INFORME DA XUNTA DE PERSOAL DA PROVINCIA DE LUGO

3 de febreiro de 2016

Punto único: Xuntanza coa xefatura de inspección para negociar as vacantes para o CXT de 2016

En primeiro lugar, a xefatura da inspección comentou que as vacantes que se poden crear a raíz das xubilacións que van desde o 31 de decembro de 2015 ao 30 de abril de 2016 non están incluídas na listaxe que nos pasou (e que está colgada na nosa web), porque non dispón delas. Cargaranse desde Santiago directamente. En todo caso, quedou en que, en canto as tivera, nos informaría.

Sobre o punto das vacantes do corpo de mestres que están no 1º ciclo da ESO, desde Santiago estudaranse, en función da demanda e do horario dos centros, cada unha delas.

En canto as vacantes de cada centro individualmente, quedou do seguinte xeito:

CORPO DE MESTRES

- CEIP Aquilino Iglesia Alvariño: Aparece unha nova vacante de EP (38)
- CEIP Virxe do Carme de Burela: Estudarán a aparición dunha 3ª vacante de EP (38)
- CEIP Juan Rey de Lourenzá: Estudarán a aparición dunha vacante de EP (38)
- CEIP A Gándara de Monforte: Estudarán a aparición dunha vacante de EP (38)
- CEIP Plurilingüe de Monterroso: Estudarán a aparición dunha vacante de EP (38)

Nos centros nos que a dirección non ten destino nese centro (está por riba do catálogo) e solicitaron vacantes, a inspección non ten intención de sacalas a concurso posto que entenden que hai horario dispoñible para cubrir todas as horas:

- CEIP Virxe da Soidade
- CEIP Benigno Quiroga Ballesteros
- CEIP Paradai
- CEIP Otero Pedrayo
- CEIP Frei Luis de Granada

CORPO DE SECUNDARIA

- IES Plurilingüe Fontem Albei da Fonsagrada: aparecen dúas vacantes máis, unha de tecnoloxía (590019) e unha de Lingua Galega (590053)
- CIFP As Mercedes: desaparecen dúas vacantes propostas, unha de Organización e procesos de mantemento de vehículos (590111) e unha de Sistemas electrotécnicos e automáticos (590125)

Estudarán diferentes propostas que se lles fixo chegar desde as centrais sindicais.

CORPO DE PTFP

- CIFP Porta da Auga: aparecen tres vacantes, dúas de servizos á comunidade (591225) e unha de procesos de xestión administrativa (591222).

Estudarán diferentes propostas que se lles fixo chegar desde as centrais sindicais.